



Praza do Concello, 1
15841 Santa Comba (A Coruña)
Tlfs: 981 880 075
Web: www.santacomba.es
eMail: correo@santacomba.dicoruna.es

D/D^a EXCAVACIONES AGRA CASTRO, S.L
LG. BARBEIRA, S/NÚM. FONTECADA
15837 Santa Comba (A Coruña/España)

NOTIFICACIÓN

Evaristo Lois Rama, secretario/a xeral do Concello de Concello de Santa Comba (A Coruña)

Poño no seu coñecemento que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, o 30-08-2024, ditou a resolución con número 1343/2024 que deseguido lle notifico:

DECRETO DE ALCALDÍA

Asunto : adxudicación obra
Órgano competente : alcaldía
Tipo de contrato : obras
Actuación : Substitución de rede de fibrocemento nas rúas Rúa Curros Enríquez e Rúa Nova
Obra/Proxecto : proxecto de substitución de rede de fibrocemento nas rúas Rúa Curros Enríquez e Rúa Nova
Procedemento contratación: aberto simplificadoísimo. Art. 159.6 LCSP
Orzamento base licitación : 61.907,53 euros
Importe adxudicación : 55.600,00 euros
Baixa/economía : 6.307,53 euros
Duración/Prazo execución : un (1) mes
Prazo execución adxudicado: 25 días naturais
División en lotes : Non
Código expediente axuda : 2024/A008/000018
Código expediente : 2023/C003/000009
Plan : Augas de Galicia – Axudas para execución obras co fin de minimizar perdas de auga en entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia (cód. procedemento AU301E)

Visto o expediente tramitado de solicitude dunha axuda ao amparo da Resolución do 29 de decembro de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, para a execución de obras co fin de minimizar as perdas de auga en entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2024 mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento AU301E). (DOG núm. 20, do luns 29 de xaneiro de 2024), e

Visto o expediente que se instrúe para a contratación das obras comprendidas no "Proxecto de substitución de rede de fibrocemento nas rúas Rúa Curros Enríquez e Rúa Nova", cun valor estimado de 51.163,25 euros e 10.744,28 euros de IVE (21%), que ascende a un total de 61.907,53 euros; cun prazo de execución de UN (1) mes; e atendendo os seguintes

CONSIDERANDO E ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Que por decreto de alcaldía núm. 1108/2024, do 17 de xullo, resólvese aprobar o proxecto das obras contido no expediente, denominado "**Proxecto de substitución de la red de fibrocemento en las**

calles Rúa Curros Enríquez y Rúa Nova”, cun valor estimado de 51.163,25 euros e 10.744,28 euros de IVE (21%), que ascende a un total de 61.907,53 euros; cun prazo de execución de UN (1) mes; con data de abril de 2024 (asinado electronicamente con data do 26/02/2024) e redactado polo arquitecto Manuel Rodríguez Mourelle, colexiada núm. 5096 do COAG.

Asemade, resólvese declarar a non procedencia de división en lotes do obxecto do contrato.

Segundo.- Por Decreto de alcaldía núm. 1119/2024, do 19 de xullo, polo que se inicia o expediente de contratación das obras de referencia, resólvese, entre outros: declarar a non procedencia da revisión de prezos; iniciar o expediente de contratación para a execución das obras mencionadas mediante o procedemento aberto simplificadoísimo con multiplicidade de criterios de valoración cuantificables mediante fórmulas automáticas, non suxeito a regulación harmonizada, tramitación ordinaria, ao abeiro do artigo 159.6 da LCSP 9/2017, do 8 de novembro; así como que polo departamento de Contratación se incorpore ao expediente os documentos que indican nos artigos 116, 122 e 124 da LCSP.

Terceiro.- Que por decreto de alcaldía núm. 1197/2024, do 02 de agosto, co asunto “aprobación expediente de contratación”, resólvese, entre outros, os seguintes aspectos:

<< Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación das obras comprendidas no proxecto denominado “Proxecto de sustitución de la red de fibrocemento en las calles Rúa Curros Enríquez y Rúa Nova”, mediante o procedemento aberto simplificadoísimo con multiplicidade de criterios de valoración cuantificables mediante fórmulas automáticas, non suxeito a regulación harmonizada, tramitación ordinaria, ao abeiro do artigo 159.6 da LCSP 9/2017, do 8 de novembro.

Segundo.- Aprobar, pola contía de 61.907,53 euros, o gasto que para este concello representa a contratación íntegra das obras de referencia, con cargo á/s aplicación/s orzamentarias 161.61900 do estado de gastos do orzamento municipal deste concello para a anualidade 2024.

Terceiro.- Que se aprobe o prego de cláusulas administrativas particulares, asinado polo alcalde con data de 22 de xullo de 2024, que rexerá o contrato de obras comprendidas no proxecto denominado “Proxecto de sustitución de la red de fibrocemento en las calles Rúa Curros Enríquez y Rúa Nova”, mediante o procedemento aberto simplificadoísimo con multiplicidade de criterios de valoración cuantificables mediante fórmulas automáticas, non suxeito a regulación harmonizada, tramitación ordinaria, ao abeiro do artigo 159.6 da LCSP 9/2017, do 8 de novembro.

(...)

Cuarto.- Convocar a licitación das obras de referencia, para o que se publicará un anuncio no Perfil do Contratante, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con un prazo de presentación de ofertas de dez días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio na citada plataforma (art. 159.6).

Quinto.- Publicar, asemade, o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas; así como toda aquela documentación necesaria para poder realizar a presentación da oferta polos licitadores. >>

Cuarto.- Que con data de 06 de agosto de 2024 foi publicado no perfil do contratante, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas (proxecto técnico); así como o resto da documentación necesaria para poder realizar a presentación da oferta polos licitadores. Asemade, publicouse no perfil do contratante os informes e outra documentación necesaria para executar as obras conforme ás condicións establecidas nos mesmos.

Quinto.- Que de acordo co referido anuncio de licitación publicado na plataforma de Contratación do Sector Público, así como o establecido no perfil do contratante, o prazo de presentación das ofertas foi de 10 días hábiles e rematou o día 21 de agosto de 2024, ás 23:59 horas.

Sexto.- Rematado o prazo de presentación de ofertas, o funcionario municipal adxunto a secretaría, como encargado de Departamento de contratación e de acordo co establecido no prego de cláusulas administrativas particulares ao abeiro da letra d) do artigo 159.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, realiza a apertura das proposicións recibidas na Plataforma de contratos do sector público, procedendo a emitir o seguinte Informe de valoración, no que consta a proposta de adxudicación, que de xeito literal se transcribe a continuación:

<<
INFORME SOBRE A APERTURA DE SOBRES ELECTRÓNICOS E A VALORACIÓN DE OFERTAS PRESENTADAS COS SEUS IMPORTES E A APLICACIÓN DOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Obra: Substitución rede de fibrocemento nas rúas Rúa Curros Enríquez e Rúa Nova

Plan: Augas de Galicia – Axudas para a execución de obras co fin de minimizar perdas de auga en entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia

Expediente Tedec: 2024/C003/000009 **Código de procedemento:** AU301E

PLCASP: 2024/C003/000009 **Data:** 06/08/2024

Importe: 61907,53 €

Procedemento: procedemento aberto simplificado con multiplicidade de criterios de valoración cuantificables mediante fórmulas automáticas (prezo, prazo e garantía). (Art. 159.6 LCSP)

Evaristo Lois Rama, como funcionario adxunto a secretaría, encargado do departamento de Contratación,

INFORMO:

Logo de ver o expediente

Consideracións legais e técnicas		Criterios de valoración específicos (puntos)	
1.	O prego de cláusulas administrativas particulares, (PCAP), que haberán de rexer para esta contratación mediante procedemento simplificado con multiplicidade de criterios de valoración cuantificables mediante fórmulas automáticas (prezo, prazo e garantía). (Art. 159.6 LCSP)		
		Criterio 1. Oferta económica/Prezo	60,00
		Criterio 2. Redución de prazo (mínimo 1 ano)	30,00
		Criterio 3. Ampliación de garantía	10,00
		Total	1000,00
2.	O prego de prescricións técnicas, (PPT), que haberán de rexer neste contrato.		
3.	Os criterios de valoración avaliados, segundo o PCAP que rexe a licitación.		

Relación de persoas licitadoras, segundo a PLACSP

Total persoas licitadoras	5	
Persoa licitadora	CIF	Data de presentación
CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	B15081847	21/08/2024 16:00:29
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	A15352735	21/08/2024 13:05:59
EXCAVACIONES AGRA CASTRO S.L	B15490527	14/08/2024 11:50:48
LOPEZ Y LEIS,S.A.	A15210669	21/08/2024 18:35:56
TECOSMARPA, S.L.	B70551379	21/08/2024 13:05:09

Documentación administrativa (declaración responsable): **correcta.**

Acto de apertura da oferta económica e demais criterios avaliados mediante fórmulas

Persoa licitadora	Prezo sen IVE	Prezo IVE (21 %)	Prezo IVE engadido
CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	48.859,50	10.260,50	59.120,00
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	49.628,35	10.421,95	60.050,30
EXCAVACIONES AGRA CASTRO S.L	45.950,41	9.649,59	55.600,00
LOPEZ Y LEIS,S.A.	50.000,00	10.500,00	60.500,00
TECOSMARPA, S.L.	50.139,99	10.529,39	60.669,38

Persoa licitadora	Criterio 2 (mínimo 1 ano)	Criterio 3 Prazo execución/ redución
CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	1 + 0	30 / 0
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	1 + 0	15 / 15
EXCAVACIONES AGRA CASTRO S.L	1 + 0	25 / 5
LOPEZ Y LEIS,S.A.	1 + 2	15 / 15
TECOSMARPA, S.L.	1 + 2 meses	26 / 4

Concorren con empresas vinculadas: **non**.

A valoración das ofertas formuladas

Persoa licitadora	Criterio 1	Criterio 2	Criterio 3	Total criterios
CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	26,52	0,00	0,00	26,52
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, SA	17,67	0,00	30,00	47,67
EXCAVACIONES AGRA CASTRO S.L	60,00	0,00	10,00	70,00
LOPEZ Y LEIS,S.A.	13,39	10,00	30,00	53,39
TECOSMARPA, S.L.	11,78	0,83	8,00	20,61

Persoa licitadora	Oferta Económica	Baixa (%)	Porcentaxe de baixa sobre prezo baixa de licitación	Temeraria
CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	59.120,00	2.787,53	4,5027 %	Non
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, SA	60.050,30	1.857,23	3,0000 %	Non
EXCAVACIONES AGRA CASTRO S.L	55.600,00	6.307,53	10,1886 %	Non
LOPEZ Y LEIS,S.A.	60.500,00	1.407,53	2,2736%	Non
TECOSMARPA, S.L.	60.669,38	1.238,15	2,0000%	Non

Oferta con valores anormalmente baixos: **non se detectan**.

A clasificación das ofertas na orde decrecente:

Persoa licitadora	Puntuación total
EXCAVACIONES AGRA CASTRO S.L	70,00
LOPEZ Y LEIS,S.A.	53,39
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, SA	47,67
CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	26,52
TECOSMARPA, S.L.	20,61

A CONCLUSIÓN E A PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN (oferta con maior puntuación –relación calidade/prezo-)

Persoa licitadora mellor puntuación	EXCAVACIONES AGRA CASTRO, SL
CIF	B15490527
Orzamento contrata (IVE incluído)	61.907,53 €
Orzamento adxudicación (IVE incluído)	55.600,00 €
Baixa na adxudicación (IVE incluído)	6.307,53 €
Motivación (segundo os criterios de valoración PCAP)	a maior puntuación dos criterios de valoración automática
As condicións e características da mellor oferta	Consta no apartado 3 deste informe

<i>Santa Comba, na data da sinatura dixital</i>	
<i>O funcionario adxunto a secretaría como encargado do departamento de Contratación</i>	<i>Visto e prace O concelleiro-delegado de Obras e Servizos, Urbanismo e Mobilidade</i>
<i>Evaristo Lois Rama (Documento que se asina electronicamente)</i>	<i>Pablo Negreira Souto (Documento que se asina electronicamente)</i>

>>

Sétimo.- Foi comprobado no Rexistro xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia que a empresa está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder suficiente para formular a oferta, que non está incurso en ningunha prohibición de contratar, e que posúe certificacións válidas e de carácter positivo no que respecta ao cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social (Certificado descargado o día 30/08/2024)

Oitavo.- Con data de 30 de agosto de 2024, o interventor municipal emite informe de fiscalización 215/2024 previo á adxudicación, co “asunto: aprobación da adxudicación da obra Substitución de rede de fibrocemento nas rúas Rúa Curros Enríquez e Rúa Nova. Fase D”, para as obras de referencia neste expediente, fiscalizado de conformidade, sen observacións, e polo que procede a tramitación do expediente.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

De acordo co procedemento que rexe a presente contratación, que é o procedemento aberto supersimplificado ou simplificado sumario que se tramita ao abeiro do punto 6 do artigo 159 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, seguirase a seguinte tramitación para este caso en concreto:

Artigo 159.6.

- b).- Eximirase aos licitadores da acreditación da solvencia económica e financeira e técnica e profesional.
- d).- A valoración das ofertas poderase efectuar automaticamente mediante dispositivos informáticos, ou coa colaboración dunha unidade técnica que auxilie ao órgano de contratación.
Garantirase, mediante un dispositivo electrónico, que a apertura das proposicións non se realiza ata que finalizase o prazo para a súa presentación, polo que non se celebrará acto público de apertura das mesmas.
- f).- Non se requirirá a constitución de garantía definitiva.
- g).- A formalización do contrato poderá efectuarse mediante a sinatura de aceptación polo contratista da resolución de adxudicación.
Para todo o non previsto neste apartado aplicase a regulación xeral do procedemento aberto simplificado prevista neste artigo.

De acordo co establecido na Disposición adicional segunda da LCSP 9/2017, de 8 de novembro, corresponden aos alcaldes e aos presidentes das entidades locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de €, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada, ao abeiro do apartado 1 da Disposición adicional segunda da LCSP.

Á vista do anterior, en uso das facultades que me confire a disposición adicional segunda da LCSP 9/2017, de 8 de novembro, en materia de contratación, e ao abeiro do artigo 159.6 do mesmo texto lexislativo,

RESOLVO

Primeiro.- Declarar válida a licitación das obras de referencia mediante procedemento aberto simplificado con multiplicidade de criterios de valoración cuantificables mediante fórmulas automáticas, non suxeito a regulación harmonizada, tramitación ordinaria, ao abeiro do artigo 159.6 da LCSP 9/2017, do 8 de novembro.

Segundo.- Declarar válido o informe de valoración das ofertas presentadas, no que consta a clasificación das mesmas así como a proposta de adxudicación, emitido polo funcionario municipal adxunto a secretaria e encargado do departamento de contratación, enriba transcrito.

Terceiro.- Adxudicar mediante o procedemento aberto simplificado con multiplicidade de criterios de valoración cuantificables mediante fórmulas automáticas, non suxeito a regulación harmonizada, tramitación ordinaria, ao abeiro do artigo 159.6 da LCSP 9/2017, do 8 de novembro, as obras contidas no proxecto denominado "SUBSTITUCIÓN DE REDE DE FIBROCEMENTO NAS RÚAS RÚA CURROS ENRÍQUEZ E RÚA NOVA ", segundo a proposta do encargado do departamento de contratación e que se transcribe no apartado sexto do considerando e antecedentes de feito deste decreto, e segundo se indica a continuación:

Persoa licitadora mellor puntuación	EXCAVACIONES AGRA CASTRO, SL
CIF	B15490527
Orzamento contrata (IVE incluído)	61.907,53 €
Orzamento adxudicación (IVE incluído)	55.600,00 €
Baixa na adxudicación (IVE incluído)	6.307,53 €
Motivación (segundo os criterios de valoración PCAP)	a maior puntuación dos criterios de valoración automática
As condicións e características da mellor oferta	Consta no apartado 3 deste informe

A presente adxudicación realízase segundo as condicións contidas na oferta presentada polo adxudicatario, así como o establecido no prego de cláusulas administrativas particulares, no proxecto das obras de referencia e no resto da documentación publicada no perfil do contratante.

Afeccións sectoriais que afectan á obra: non existen afectacións sectoriais nas obras de referencia.

Cuarto.- Segundo o establecido no punto da letra f) do artigo 159 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, polo que se aproba a LCSP, e vista da táboa de clasificación contida no informe de valoración emitido polo funcionario municipal adxunto a secretaria e encargado do departamento de contratación e que se recolle no punto sexto do considerando e antecedentes de feito, declarar válida a referida clasificación (orde descendente), para no caso de non formalizarse o contrato por causa imputable ao contratista, e sen prexuízo das responsabilidades que se deriven, se efectúe nova proposta de adxudicación a favor do seguinte candidato en puntuación:

Persoa licitadora	Puntuación total
EXCAVACIONES AGRA CASTRO S.L	70,00
LOPEZ Y LEIS,S.A.	53,39
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, SA	47,67
CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	26,52
TECOSMARPA, S.L.	20,61

Quinto.- Aprobalo gasto derivado da contratación das obras de referencia, con cargo ao financiamento atribuído polo organismo Augas de Galicia da Xunta de Galicia e polo Concello de Santa Comba, segundo o indicado na táboa seguinte:

FINANCIAMENTO			IMPORTE ADXUDICACIÓN		RETENCIÓN DE CRÉDITO	
ESTADO	XUNTA DE GALICIA	FONDOS PROPIOS	IMPORTE ADXUDICACIÓN	BAIXA	DATA RETENCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA

0 €	45.000,00 €	16.907,53 €	55.600,00 €	6.307,53 €	10/07/2024 11/07/2024	161.61900
-----	-------------	-------------	-------------	------------	--------------------------	-----------

Sexto.- A formalización do contrato, de acordo co artigo 159.6.g) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, efectuarase mediante a sinatura de aceptación polo contratista da presente resolución de adxudicación.

Sétimo.- Dentro dos 15 días naturais seguintes á sinatura do contrato, e sempre antes do inicio das obras, o contratista presentará programa de traballo, o plano de seguridade e saúde da obra axustado ao estudo de seguridade e saúde do proxecto e o plano de residuos específico (para os efectos do disposto no artigo 5 e concordantes do RD 105/2008) e a relación de subcontratistas e subministradores, cos importes de obra a realizar.

A aprobación do plano de seguridade e saúde, corresponderalle ao presidente da corporación, logo do informe do coordinador de seguridade e saúde. Tamén lle corresponderá ao presidente a aprobación do plano de residuos nos casos que proceda. Atendendo á natureza da obra, a proposta do técnico director poderá eximir ao contratista de presentar o programa de traballo.

Oitavo.- Nomear director das obras de referencia así como coordinador de Seguridade e Saúde ao arquitecto Manuel Rodríguez Mourelle, colexiado núm. 5096 do COAG (Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia), técnico da mercantil Ingeniería Agrícola Rodríguez SL, con CIF núm. B15657067, oficina técnica externa a este Concello.

Noveno.- Segundo o establecido no prego de cláusulas administrativas particulares, o adxudicatario deberá certificar o 100% da obra con antelación suficiente ao 12 de novembro de 2024, xa que logo nesa data debe estar xustificado perante Augas de Galicia, pagamento incluído, o expediente de axuda.

Décimo.- Notificar a presente resolución de adxudicación aos candidatos e licitadores, así como darlle publicidade no perfil do contratante no prazo de quince días, de acordo co establecido no artigo 151 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Décimo primeiro.- Dar conta do presente decreto ao Pleno da Corporación municipal na vindeira e inmediata sesión ordinaria que se celebre.

O alcalde

Dou fe, o secretario accidental
(P.R. da DXAL 25/03/2021 e P.D. alcalde núm. 1199/2024, do 05/08)

Alberto Romar Landeira

Evaristo Lois Rama

PARA SINATURA DE ACEPTACIÓN E CONFORMIDADE POLA EMPRESA ADXUDICATARIA

De acordo co establecido no artigo 159.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no epígrafe g), a formalización do contrato poderá efectuarase mediante a sinatura de aceptación polo contratista da resolución de adxudicación.


En representación de EXCAVACIONES AGRA CASTRO SL

Asinado :

DNI :

Data :

ESPAZO PARA SINATURA ELECTRÓNICA CONTRATISTA



O que notifico a Vd. en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación que:
- Esta resolución, ao abeiro do art. 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa e contra el poderá optar por: a) Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante este órgano, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ó da notificación da presente resolución, nos termos dos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou directamente, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses contados dende a resolución expresa do recurso de reposición ou seis meses dende a súa resolución presunta. No caso de interpoñerse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses contados dende a notificación deste acto. c) O recurso extraordinario de revisión, de acordo co art. 113, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou calquera outro que estime procedente

Concello de Santa Comba
O/A secretario/a,
Evaristo Lois Rama